

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 7 DE XULLO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia.
- Decreto polo que se aproba a actualización e revisión do Plan de emerxencia exterior do Polígono da Grela-Bens.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Decreto polo que se dispón que cese Manuel Varela Rey como director da Axencia Galega de Innovación (GAIN).

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba a posta en marcha da construción da Memoria dixital de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a concesión dunha subvención á entidade R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A., por un importe de tres millóns catrocentos vinte e catro mil seiscientos dez euros con oitenta céntimos (3.424.610,80 €), ao abeiro da Resolución do 8 de abril de 2016, da directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a extensión de redes de banda larga de nova xeración de moi alta velocidade en polígonos industriais para o desenvolvemento da industria 4.0 en Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se procede

á súa convocatoria para o período 2016-2018 (procedemento administrativo PR603A).

- Acordo polo que se aproba a presentación da Guía para unha contratación pública aberta a pemes.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Oza-Cesuras para a execución da obra de mellora do abastecemento en Oza-Cesuras. Oza-Cesuras (A Coruña), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, de clave OH.215.1103, por un importe de setecentos trinta e oito mil oitocentos dezanove euros con noventa e cinco céntimos (738.819,95€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cotobade para a execución da actuación de melloras do saneamento na parroquia de Tenorio. Concello de Cotobade (Pontevedra), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural (Feader), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020, por un importe de un millón oitocentos cincuenta mil euros (1.850.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cedeira para a execución da actuación de mellora do saneamento en Cedeira (A Coruña), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por un importe de setecentos trinta e tres mil seiscentos cincuenta euros con setenta e un céntimos (733.650,71 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Sober para a execución da actuación de saneamento e depuración en Ferrón, A Igrexa e O Pinar. Concello de Sober (Lugo), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia, por un importe de catrocentos cinco mil euros (405.000,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Celanova para a execución da actuación de abastecemento e saneamento en Feal e Casetas de Ansemil, concello de Celanova (Ourense), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por un importe de trescentos sesenta mil euros (360.000,00 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Administración xeral do Estado, a Axencia Galega de Infraestruturas, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, Sociedad Anónima Universal para a construción dun novo enlace na autoestrada AP-9 de acceso a Santiago de Compostela e ao complexo da Cidade da Cultura, por un importe total de catro millóns cincocentos sete mil douscentos corenta e seis euros con vinte e nove céntimos (4.507.246,29 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, do parque eólico Figueiras, situado nos concellos de Alfoz, O Valadouro e Mondoñedo (Lugo) e promovido pola sociedade Fergo Galicia Vento – PEE, S.L (LU-11/138-EOL).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de Decreto polo que se regula a inscrición e o funcionamento do Rexistro oficial de produtores e operadores de medios de defensa fitosanitaria.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización da acción de investigación “indución da fixación e metamorfose en ameixa fina, babosa e xaponesa” (CIMA16/05), por un importe de vinte e catro mil euros (24.000,00€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre as axudas do Igape a particulares para a adquisición de materiais e pezas de mobiliario de cociña e baño (Reforma16).
- Informe sobre as axudas de orientación para mellorar as oportunidades laborais dos galegos.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o convenio do Programa Acceder entre a Xunta de Galicia e a Fundación Secretariado Gitano.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS NOVOS ESTATUTOS DO COLEXIO PROFESIONAL DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA DE GALICIA

- *A modificación dos estatutos vén motivada pola aprobación da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo*
- *O número de colexiados na actualidade é de 350 e o decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe, na súa xuntanza semanal, ao proxecto de decreto polo que se aproban os novos estatutos do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia.

O Colexio profesional de Enxeñaría Informática de Galicia foi creado por Lei 10/2006, do 1 de decembro, e os estatutos actuais aprobados por Decreto 82/2010, o 6 de maio, a proposta da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Por tratarse dun colexio de ámbito autonómico, corresponde a aprobación dos estatutos á Xunta de Galicia, mediante Decreto.

A adaptación dos estatutos do colexio ás novidades normativas aprobadas con motivo da aprobación da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de maio de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, ocasionaron cambios na regulación dos colexios profesionais que á súa vez foron orixe da aprobación das denominadas Lei ómnibus estatal e Lei ómnibus galega.

Neste marco normativo, régulanse os estatutos incorporando as modificacións establecidas na Leis Ómnibus sinaladas, destacando que entre os fins do colexio se inclúe a protección dos intereses dos consumidores e usuarios; incorpórase a previsión dun servizo de atención, información e resolución de queixas e reclamación de consumidores e usuarios, e o exercicio profesional en forma societaria e a colexiación das sociedades profesionais.

A colexiación régulase como única para todo o territorio nacional. Conforme ao establecido na Lei ómnibus estatal, prevese a elaboración, aprobación e publicación na sede electrónica do colexio da memoria anual do colexio, así como a regulación dunha xanela única, así como a tramitación da colexiación a través da mesma por medios electrónicos.

Así, o Consello da Xunta aproba os novos estatutos do Colexio Profesional de Enxeñaría Informática de Galicia coma corporación de dereito público e de carácter profesional con personalidade xurídica propia, que ten coma ámbito de actuación o territorio da comunidade autónoma de Galicia, e que agrupa aos profesionais que teñan

o título universitario de Enxeñaría en Informática ou título universitario oficial vinculado coa profesión de Enxeñaría en Informática.

O número de colexiados na actualidade é de 350. O decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

A XUNTA APROBA A REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIA EXTERIOR DO POLÍGONO DA GRELA-BENS

- ***Inclúese a hipótese de accidentes que puidesen producirse no establecemento Alcoa Inespal, S.A, e actualiza as análises de risco contidas nos informes de seguridade do establecemento Repsol Butano S.A.***
- ***Os plans de emerxencia exterior son documentos para previr e, no seu caso, mitigar as consecuencias dos posibles accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas, previamente analizados, clasificados e avaliados***

O Consello da Xunta deu o seu visto e praxe hoxe ao proxecto de decreto polo que se aproba a actualización e revisión do Plan de emerxencia exterior (PEE) do Polígono A Grela-Bens.

A Xunta considera necesaria esta revisión e actualización para incluír a hipótese de accidentes que puidesen producirse no establecemento Alcoa Inespal, S.A, e actualizar as análises de risco contidas nos informes de seguridade do establecemento Repsol Butano S.A.

O plan de emerxencia exterior do polígono da Grela-Bens foi aprobado por orde do conselleiro de Presidencia e Administración Pública do 1 de xuño de 1995. Posteriormente, foi actualizado e aprobada a súa primeira revisión mediante o Decreto 85/2004, do 23 de abril, aprobándose a segunda polo Decreto 49/2011, do 17 de marzo.

Unha vez aprobado no Consello da Xunta, o seguinte paso é a publicación no DOG. Posteriormente, este plan será remitido para informe favorable do Consello Nacional de Protección Civil, de próxima creación, en cumprimento do artigo 14.3 da Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil.

Os plans de emerxencia exterior son os documentos que se elaboran para previr e, no seu caso, mitigar as consecuencias dos posibles accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas, previamente analizados, clasificados e avaliados. Ademais, establecen as medidas de protección máis idóneas, os recursos humanos e materiais necesarios para a súa aplicación e o esquema de coordinación das autoridades, organismos e servizos chamados a intervir.

Estes plans se elaboran para determinar as zonas de intervención e alerta, prever a estrutura organizativa e os procedementos de intervención para as situacións de emerxencia por accidentes graves, prever os procedementos de coordinación co plan estatal para garantir a súa adecuada integración. Así como para establecer os sistemas de articulación coas organizacións das administracións municipais e definir os criterios

para a elaboración dos plans de actuación municipal, especificar os procedementos de información á poboación sobre as medidas de seguridade que se deban tomar e sobre o comportamento que se debe adoptar en caso de accidente, e catalogar os medios e recursos específicos ao dispor das actuacións previstas.

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O CESE DO DIRECTOR DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN, MANUEL VARELA REY

- *Varela deixa o cargo a petición propia tras exercer as competencias en materia de innovación desde o ano 2013, e como director xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública desde o 2010*
- *Neste tempo ao fronte da Axencia deu un pulo aos programas de innovación da Xunta promovendo iniciativas como a RIS3, as Unidades Mixtas de Innovación ou o polo en avións non tripulados de Rozas*

O Consello da Xunta de Galicia acordou na súa xuntanza de hoxe o cese do director da Axencia Galega de Innovación (GAIN), Manuel Varela Rey, que deixa o cargo a petición propia por motivos persoais e familiares.

Varela, enxeñeiro industrial nacido en A Coruña, viña exercendo as súas competencias na área de innovación desde xaneiro de 2013, e anteriormente, desde 2010, ocupou o posto de director xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública.

Desde GAIN, a actividade de Manuel Varela destaca pola posta en marcha da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3), que marca os retos de Galicia en materia de innovación ata o 2020 co obxectivo de mobilizar 1.600 millóns de euros. Ademais, Manuel Varela puxo en marcha as Unidades Mixtas de Innovación, un novo modelo de innovación empresarial que xa atraeu 19 centros de I+D de importantes empresas a Galicia, xerando 70 millóns de euros de mobilización e preto de 300 empregos cualificados. Entre os últimos fitos, Varela Rey deseñou o novo polo industrial e tecnolóxico de avións non tripulados de Rozas, que conseguiu atraer 75 millóns de euros privados, a través das multinacionais Indra e Inaer, e creará 600 postos de traballo.

Durante este anos, Varela, xunto ao seu equipo, abriu as portas da innovación as pequenas e medianas empresas de Galicia, situando a Comunidade como a sexta de España na que máis pemes innovan.

As competencias serán asumidas, polo momento, pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A XUNTA IMPULSA A CONSTRUCIÓN DA MEMORIA DIXITAL DE GALICIA PARA PRESERVAR E UNIVERSALIZAR O PATRIMONIO CULTURAL DA COMUNIDADE

- *Aproba a estratexia para a dixitalización do patrimonio material e inmaterial galego, que se albergará no CPDI do Gaiás, asegurando a súa conservación, a súa difusión e a súa accesibilidade desde calquera lugar do mundo*
- *Implicará a sociedade e todos os axentes que interveñen na xestión do patrimonio cultural, desde a Xunta e os seus organismos dependentes neste ámbito, a entidades públicas e privadas autonómicas, estatais, europeas, transnacionais*
- *Impulsará o xurdimento de novos servizos e contidos para a industria e o turismo cultural*

A Xunta inicia a construción da Memoria dixital de Galicia, unha iniciativa para crear un novo modelo de xestión e conservación do patrimonio cultural galego baseado nas TIC, que garanta a súa preservación, difusión e a accesibilidade desde calquera lugar do mundo. O obxectivo é consolidar un fondo dixitalizado do patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, custodiado e albergado no CPDI do Gaiás.

A Memoria dixital de Galicia é unha estratexia impulsada desde o ámbito público, a través da Consellería de Cultura, Educación Ordenación Universitaria e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), en colaboración coa sociedade galega e con todos os axentes implicados na xestión do patrimonio cultural galego, baixo a denominación das institucións da memoria, entre os que están o Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega, o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento ou as universidades públicas galegas.

Aposta polo establecemento de sinerxías e modelos colaborativos entre as entidades públicas, privadas e calquera axente con responsabilidade no patrimonio cultural para acadar o maior nivel de catalogación, preservación e difusión, independentemente da súa localización ou propiedade.

Para contribuír á sustentabilidade dos fondos dixitalizados, en termos económicos e tamén sociais, impulsará un modelo de participación que lles facilite a cidadáns, empresas e institucións achegar recursos para contribuír á universalización do patrimonio cultural de Galicia.

Liñas de actuación

A estratexia, aprobada hoxe, identifica unhas liñas de actuacións, que constitúen o punto de partida para o desenvolvemento de actuacións concretas. En primeiro lugar, sinala a necesidade de definir un marco técnico común para todos os axentes e institucións involucrados na conservación do patrimonio, coa normativa, directrices, criterios e estándares para a dixitalización e preservación dos elementos patrimoniais.

En segundo lugar, está a aplicación das TIC para a catalogación, inventariado e xestión patrimonial, o que implica a dotación de infraestruturas e ferramentas tecnolóxicas, así como a capacitación no seu uso.

A terceira liña céntrase no aproveitamento das TIC para facilitar a visibilización e a promoción do patrimonio cultural, grazas á aplicación das novas tendencias, ferramentas e dispositivos tecnolóxicos para desenvolver técnicas novas e interactivas para o acceso, a conservación, restauración e posta en valor do patrimonio cultural.

En cuarto lugar, aplicarase a tecnoloxía para mellorar a accesibilidade ao patrimonio desde o punto de vista presencial e virtual. No primeiro caso, para mellorar os servizos prestados directamente en arquivos, bibliotecas, museos e calquera outra instalación que custodie os recursos patrimoniais. No segundo, incrementando e mellorando as solucións dixitais de acceso ao patrimonio, adaptándoas ao perfil e ás necesidades do usuario, desde o público en xeral a profesionais, docentes, investigadores...

A quinta liña, a das TIC como elemento dinamizador da produción cultural, impulsa a creación de contidos dixitais culturais e a súa correspondente promoción, por tanto, o desenvolvemento de oportunidades de desenvolvemento económico na sociedade galega.

Innovación tecnolóxica

O proxecto da Memoria dixital de Galicia implica aplicar a innovación tecnolóxica actual e futura a todo o ciclo de vida da preservación do patrimonio e da xestión da actividade cultural. Así, o uso de sistemas de información xeográfica para xeorreferenciar os elementos do patrimonio cultural material e inmaterial é unha das ferramentas fundamentais previstas.

O emprego de técnicas de dixitalización en 2D e 3D serán esenciais para dispoñer de copias dixitais de seguridade e para a elaboración de catálogos dixitais, que favorezan a difusión e faciliten tarefas de restauración e investigación.

A aplicación de solucións en mobilidade e a realidade aumentada, que combina elementos virtuais en contornas reais para achegar información ao usuario en tempo real, son outras das innovacións tecnolóxicas que recolle a estratexia.

Tamén o emprego do Big Data e Linked Open Data, que permitirá o tratamento masivo de datos que xerará a Memoria dixital para mellorar sistemas e servizos para os usuarios e a súa reutilización por parte de terceiros.

Iniciativas en marcha

A Memoria dixital de Galicia aséntase en catro iniciativas, xa en marcha, vinculadas á dixitalización e difusión do patrimonio cultural galego.

A entrada en funcionamento do Arquivo Electrónico Patrimonial, que ten como obxectivo a xestión do patrimonio documental galego, e que desde outubro, estará accesible a través dun portal web.

A iniciativa Galiciana, a biblioteca dixital de Galicia, que conta xa con máis de 1,7 millóns de páxinas e 175.000 obxectos dixitalizados procedentes de arquivos, museos, bibliotecas e outras coleccións. Será tamén a canle de difusión do noso patrimonio cara ás redes transnacionais como pode ser EUROPEANA. Nos vindeiros meses abrírase unha convocatoria de axudas para a dixitalización de fondos das institucións implicadas por un importe de 800.000 euros.

As actuacións vinculadas á recollida e xeorreferenciación da toponimia galega, como patrimonio inmaterial e como elemento nuclear para xeorreferenciar o patrimonio cultural galego.

Orzamento

A Memoria dixital de Galicia conta cun orzamento público de 9,1 millóns de euros, dos cales 5 millóns proceden da cuarta liña estratéxica da Axenda dixital de Galicia 2020, "Aceleración da economía dixital", que prevé actuacións para a avanzar "Da preservación á accesibilidade dixital do patrimonio cultural". Os 4,1 millóns restantes proveñen dunha candidatura conxunta da Xunta e 15 socios ao Programa operativo Interreg para avanzar cara a unha memoria dixital transfroteiriza Galicia-Norte de Portugal, aliñada coa Memoria dixital de Galicia.

O PLAN DE BANDA LARGA DA XUNTA POSIBILITARÁ QUE O 93% DA SUPERFICIE EMPRESARIAL OCUPADA DE GALICIA TEÑA CONEXIÓNS A REDES ULTRARRÁPIDAS EN 2018

- *A Amtega adxudica ao operador R a primeira liña de axudas do Plan de banda larga 2020 para estender redes de ata 350 Mbps en 81 polígonos industriais con alta demanda, sen cobertura nin previsión de dispoñer deste servizo*
- *Conta cun orzamento público de 3,4 millóns de euros, que xerará un investimento de 5,2 millóns de euros*
- *Ao remate deste ano quedarán cubertos xa preto dunha vintena dos polígonos previstos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a adxudicación a R Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A. da primeira liña de axudas do Plan de banda larga 2020, destinada a despregar redes ultrarrápidas nos polígonos industriais que non contan con cobertura nin previsión de dispoñer deste servizo.

A Xunta, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), subvencionará estes despregamentos cunha axuda de 3,4 millóns de euros no período 2016-2018, que xerarán un investimento total de 5,2 millóns de euros. Estas subvencións cofináncianse ao 75% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR).

A oferta do operador R garante o acceso a este tipo de redes en 81 polígonos industriais, 31 máis que o mínimo establecido na convocatoria publicada no DOG o pasado 22 de abril. Deste xeito, un total de 130 polígonos, nos cales se concentra case o 93% da superficie empresarial ocupada, disporán de acceso a redes de máis de 100 Mbps no ano 2018. O resto cubriranse nas seguintes actuacións previstas no plan.

Tecnoloxía e prazos

Os 81 polígonos obxectivo desta actuación terán acceso a redes ultrarrápidas a través de fibra óptica cunhas velocidades de ata 350 Mbps de baixada e 35 de subida, e cunha garantía de caudal do 80% sen límite de descargas.

O operador iniciará os despregamentos no mes de xullo para ter completado ao remate deste ano o despregamento en 17 polígonos. En 2017 cubriranse outros e en 2018 os 34 restantes.

Plan de banda larga de Galicia 2020

O Plan de banda larga de Galicia 2020, aprobado o 1 de outubro de 2015 no Consello da Xunta, asume os obxectivos establecidos na Axenda dixital para Europa de garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30Mbps para a totalidade da poboación e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga por riba dos 100 Mbps.

Para a consecución das metas fixadas o Plan establece un conxunto de medidas enmarcadas en tres itinerarios diferenciados, que se levarán a cabo ata 2020. É no marco do Itinerario 1 onde se definen as seguintes medidas para a extensión, modernización e innovación das redes de telecomunicación en Galicia:

- Extensión de redes de 100 Mbps ata acadar case 1,7 millóns de habitantes (o 60% da poboación de Galicia) e o 55% dos polígonos con cobertura de redes de nova xeración. O obxectivo previsto para os polígonos supérase amplamente coa resolución da convocatoria de axudas aprobada hoxe.
- Extensión de redes de 30 Mbps ata acadar case 2,66 millóns de habitantes (o 96 % da poboación) e o 100% dos polígonos con cobertura de 30 Mbps.
- Universalización da banda larga de 30 Mbps mediante a posta en marcha de subvencións para a contratación de banda larga vía satélite naquelas zonas máis illadas ás que non cheguen as redes (obxectivo do 4% da poboación restante).

Para conseguir estes obxectivos, o Plan de banda larga 2020 mobilizará 46 millóns de euros, entre financiamento público e privado. A este orzamento engádese o investimento previsto polo Estado de 44 millóns de euros en Galicia dentro do Programa de extensión da banda larga de nova xeración que, xunto co investimento privado inducido por esta medida, suporán máis 100 millóns de euros de en cinco anos no impulso e despregamento e adopción de redes ultrarrápidas en Galicia.

A XUNTA AVANZA NA MODERNIZACIÓN DA CONTRATACIÓN PÚBLICA CO DESEÑO DA GUÍA PARA UNHA CONTRATACIÓN PÚBLICA ABERTA A PEMES

- *O Consello aprobou hoxe a Guía de contratación aberta a PEMES, enmarcada no Plan de Mellora da Contratación Pública 2014-2016*
- *A Guía pretende proporcionar aos órganos de contratación orientacións prácticas e exemplos para configurar o deseño dos contratos que facilite a concorrencia das pemes e empresas incipientes.*
- *As pemes considéranse a espiña dorsal de Galicia. Para aproveitar o seu potencial de creación de emprego, crecemento e innovación, debe facilitarse o seu acceso aos contratos públicos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a Guía de contratación aberta a pemes, enmarcada no Plan de mellora da contratación pública 2014-2016, unha folla de ruta elaborada pola Vicepresidencia da Xunta e a Consellería de Facenda para seguir impulsando a modernización da actividade contractual do Goberno galego.

A contratación pública é o punto en que conflúen dous obxectivos principais da acción da Xunta nos últimos anos: o uso eficiente dos recursos públicos, reducindo os gastos innecesarios, e a simplificación e axilización nos procedementos administrativos.

As pemes considéranse en xeral a espiña dorsal da economía da Unión Europea e, por ende, da economía galega. Para aproveitar ao máximo o seu potencial de creación de emprego, crecemento e innovación, debe facilitarse o seu acceso aos contratos públicos.

O Plan de mellora da contratación pública 2014-2016 prevé como medida 2.2 no eixe Uso estratéxico e social a elaboración dunha *Guía para unha contratación pública aberta a pemes*. Con esta guía preténdese proporcionar aos órganos de contratación orientacións prácticas e exemplos para configurar o deseño dos contratos que facilite a concorrencia das pequenas e medianas empresas e empresas incipientes.

Guía de contratación aberta a pemes

O obxectivo da Guía de contratación aberta a pemes é acadar en Galicia o funcionamento dun modelo de contratación pública que maximice a concorrencia, redundando nunha maior competencia entre licitadores e na posibilidade do sector público de acadar mellores ofertas; empregar a tramitación electrónica en todas as fases dos procedementos de contratación do sector público galego, axilizando tempos de trámites administrativos; introducir medidas e boas prácticas que garantan o acceso das pemes e empresas incipientes aos procedementos de contratación.

O contido da Guía agrúpase ao redor de nove medidas que poden atopar os dos órganos de contratación aos efectos de facilitar e fomentar a presenza das pequenas e medianas empresas na contratación pública en Galicia.

En primeiro lugar, medidas orientadas a facilitar a busca de información relevante e comprensión da normativa e dos procedementos contractuais, a superar as dificultades relacionadas co tamaño dos contratos, a fixar requisitos de capacidade económica e financeira e técnica proporcionados, á posta en valor do criterio calidade-prezo, medidas tendentes á redución da carga administrativa, a concesión de prazos suficientes para a preparación das ofertas e por último, medidas para impulsar a participación das pemes nos contratos menores e procedementos negociados sen publicidade.

Esta guía de boas prácticas diríxese aos órganos de contratación da Administración xeral de Galicia e do seu sector público autonómico. A presente guía será de aplicación nos departamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, como nos organismos autónomos, nas axencias públicas, nos consorcios autonómicos, así como nas entidades públicas empresariais, sociedades públicas e nas fundacións do sector público.

Así mesmo, esta guía de medidas poderá servir de referencia aos órganos de contratación das entidades locais de Galicia e do Sistema universitario galego que pretendan promover e facilitar a participación das pemes e empresas incipientes nas súas contratacións públicas.

Manual de acceso ás licitacións

Pola súa banda, a Consellería de Facenda elaborou un manual de acceso ás licitacións para poñer á disposición pública na páxina web da Xunta de Galicia, que fomenta o coñecemento por parte do tecido empresarial galego dos pasos a dar para concorrer a unha licitación pública. Ademais, aumenta a concorrência, mellora as ofertas e facilita as oportunidades de negocio das pequenas e medianas empresas galegas.

Neste contexto, o manual proporciona aos potenciais licitadores información básica sobre os procedementos de contratación, como pode ser o funcionamento e as funcionalidades da Plataforma de contratos e do Rexistro de Contratistas; un resumo das principais características dos procedementos de contratación; e dá resposta ás preguntas máis frecuentes sobre os requisitos para licitar e sobre a documentación esixida.

Trátase, en definitiva, de maximizar a concorrência, a igualdade de trato e o acceso das pemes á contratación pública. Este manual enmárcase no Plan de mellora da contratación pública 2014-2016.

MEDIO AMBIENTE DESTINARÁ UNS 4 MILLÓNS DE EUROS A MELLORAS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NOS CONCELLOS DE CEDEIRA, COTOBADE, SOBER, CELANOVA E OZA-CESURAS

- *O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura de cinco convenios de colaboración en materia de augas, que permitirán a licitación das obras este mesmo ano*

O Consello da Xunta autorizou hoxe cinco convenios de colaboración en materia de augas por un importe de algo máis de 4 millóns de euros (4.087.470 €), para o saneamento e o abastecemento. O investimento repártese na execución de proxectos nos concellos de Cedeira e Oza-Cesuras (provincia da Coruña), Cotobade (Pontevedra), Sober (na provincia de Lugo) e Celanova (Ourense). Todas as actuacións contan con apoio económico do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Do conxunto de actuacións aprobadas destaca o convenio de Cotobade, que conta cun investimento de 1,8 millóns de euros para a execución da mellora do saneamento da parroquia de Tenorio. Grazas a esta actuación, mellorarase a rede de colectores de saneamento da parroquia, coa execución de oito novos tramos. A rede necesitará tamén a execución de dous pozos de bombeo en Covas e Lérez e 300 metros de tubaxe de impulsión e, por último, tamén se construíra unha nova depuradora de augas residuais.

Augas de Galicia executará no concello de Cedeira unha actuación para mellorar o saneamento, por un importe de máis de 730.000 euros (733.650,71 €). As obras pretenden construír unha nova rede separativa de pluviais, deixando os colectores existentes para transporte de augas fecais exclusivamente. Tamén se reporá o tramo de colector que parte do polígono da Xunqueira e discorre pola ribeira do río. Este tramo sofre filtracións e é necesario ademais impermeabilizar os pozos de rexistro da rede existente nas zonas próximas ao río.

No caso do municipio de Sober, as obras –cuxo importe ascende a 405.000 euros consistirán no saneamento e depuración en Ferrón, A Igrexa e O Pinar. Executarase unha rede de colectores de case tres quilómetros, que verterán a unha depuradora. Realizarase tamén unha nova depuradora con capacidade para 100 h-e consistente en decantador primario, leito bacteriano, decantador secundario e pozo de infiltración.

Pola súa banda, no concello de Celanova levarase a cabo unha actuación de abastecemento e saneamento en Feal e Castas de Ansemil, por un importe de 360.000 euros. As obras consistirán na execución dunha nova rede de abastecemento de 1.750 metros repartidos en 10 tramos e unha nova rede de saneamento de máis de 2.000

metros distribuídos noutros 7 tramos. Actualmente, este núcleo non dispoñen de rede de saneamento e a rede de abastecemento está en moi mal estado.

Xa por último, no caso de Oza-Cesuras, o obxectivo é mellorar a rede de abastecemento correspondente ao antigo Concello de Cesuras, que presenta certas anomalías debido á súa antigüidade. Por iso, para garantir un mellor servizo, vaise executar unha nova captación; reformarase a ETAP; e rehabilitarse o depósito de cabeceira, así como a conexión da ETAP de Oza coa de Cesuras. Tamén se construírá un novo depósito de cabeceira en Oza.

Este tipo de colaboracións garante a subministración de auga de calidade e en cantidade á cidadanía e dá cumprimento á Directiva marco da auga; colabórase coas entidades locais para mellorar a rede de abastecemento secundaria; garántese o abastecemento e regulación dos recursos hídricos en calidade e cantidade coa realización das obras de infraestrutura necesaria, vélese así mesmo, polo seu consumo responsable e foméntase o seu aforro.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO ENLACE DA AP-9 COA CIDADE DA CULTURA E O CENTRO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- *O Goberno galego, que xa redactou o proxecto construtivo, asume tamén a responsabilidade da posta á disposición da Administración central dos terreos necesarios para a execución das obras, que executará o Ministerio de Fomento e que suporán un investimento de 4,2 millóns de euros*
- *O nó situarase no p.q. 70 da AP-9 e conectará esta vía de alta capacidade coa cidade de Compostela á altura da Cidade da Cultura, localizada no Monte Gaiás e, polo tanto, co Multiúsos do Sar e as zonas residenciais de Fontiñas e Sar*
- *Esta actuación permitirá aliviar o intenso tráfico que rexistran os enlaces de acceso desde a autoestrada a Santiago, en especial, o enlace norte*

O Consello da Xunta aproba o Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Administración Xeral do Estado, a Axencia Galega de Infraestruturas (AGI), a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, Sociedad Anónima Universal para a construción dun novo enlace na autoestrada AP-9 de acceso a Santiago de Compostela e ao complexo da Cidade da Cultura.

O nó situarase no punto quilométrico 70 da autoestrada AP-9 e conectará esta vía de alta capacidade coa cidade de Compostela á altura da Cidade da Cultura, localizada no Monte Gaiás e, polo tanto, co Multiúsos do Sar e as zonas residenciais de Fontiñas e Sar.

Ademais de facilitar o acceso a estes importantes equipamentos, servirá para aliviar o intenso tráfico que rexistran os enlaces de acceso desde a autopista a Santiago de Compostela, en especial o enlace norte e, xunto coas obras de ampliación que se están a levar a cabo e o enlace orbital en tramitación, para desconxestionar esta infraestrutura.

O deseño proxectado baséase na solución proposta polo Ministerio de Fomento:

- En sentido Pontevedra, os ramais de saída e entrada da nova ligazón deséñanse a partir do carril máis exterior do tronco, de maneira que sobre a calzada de catro (4) carrís se manteñan tres (3) carrís pasantes.
- En sentido A Coruña, o ramal de saída desde o tronco da autoestrada AP-9 cara ao nó deséñase como prolongación do quinto carril, o máis exterior, procedente da ligazón de Santiago leste segundo a actuación actualmente en execución, de maneira que se manteñan catro (4) carrís pasantes. O ramal de entrada desde a Cidade da Cultura en sentido A Coruña incorpórase ao tronco de catro (4) carrís mediante o correspondente carril de aceleración.

O enlace conéctase coas glorietas que actualmente se encontran executadas nas vías interiores da Cidade da Cultura no Monte Gaiás, polo que é necesario ampliar o seu tamaño. Requirirá ademais da execución dunha nova glorieta na outra marxe.

Obrigas

Coa sinatura do convenio, o Ministerio de Fomento comprométese a executar as obras do novo enlace e a financiar a actuación cun total de 4,2 millóns de euros.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia poñerá á disposición do Ministerio de Fomento os terreos da súa titularidade que sexan necesarios para a execución das obras.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, que xa redactou o proxecto construtivo necesario, comprométese a poñer a disposición do Ministerio de Fomento os terreos adicionais necesarios para a execución das obras. Para iso, someterá a información pública para efectos expropiatorios o proxecto, xa aprobado de xeito provisional. A disposición previa dos terreos será requisito necesario para que o Ministerio de Fomento inicie os trámites de licitación das obras. O custe das expropiacións, que será asumido polo Goberno autonómico, estimouse no proxecto en 292.916,23 euros.


Unha vez finalizadas as obras, estas serán entregadas pola Administración do Estado a Autopistas del Atlántico, que conservará e explotará o novo enlace durante o período que resta de concesión.

Comisión de Seguimento

Así mesmo, constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante do Ministerio de Fomento, da AGI, da Fundación Cidade da Cultura de Galicia e un de Audasa, organismo que se reunirá as veces que se considere oportuno.

As súas funcións serán:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do contido do presente acordo.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que poidan xurdir na aplicación do convenio.



Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.gal



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



A XUNTA AUTORIZA UN NOVO PARQUE DO CONCURSO EÓLICO NOS MUNICIPIOS LUCENSES DE ALFOZ, O VALADOURO E MONDOÑEDO

- *A instalación eólica de Figueiras, promovida por Fergo Galicia Vento - PEE, suporá un investimento de máis de 23 millóns de euros*
- *Contará con 5 aeroxeradores cunha potencia total de 22,5 MW e unha capacidade aproximada de produción anual de enerxía de 57.000 MWh*
- *Con esta autorización, o concurso eólico suma 21 parques e máis de 500 MW autorizados, cun investimento que supera os 635 millóns de euros*

A Xunta autorizou o parque eólico de Figueiras, que estará situado nos concellos lucenses de Alfoz, O Valadouro e Mondoñedo, unha nova infraestrutura enmarcada no concurso eólico galego que suporá un investimento de máis de 23 millóns de euros, e suma unha potencia total de 22,5 MW a través da instalación de 5 aeroxeradores.

Con este novo parque, que alcanzará unha produción aproximada de enerxía anual ao redor de 57.000 MWh, o Goberno autonómico suma 21 parques do concurso aprobados, tras as autorizacións dos eólicos de Acibal, Mondigo, Faro, Cernego, Pico Seco, Friol, Paraño Oeste, Xinzo Norte, Chan do Eixo, Oulol, Tenzas do Aire, a primeira fase de Monte Arca, Cordal-Ousá, Orrea, Alto da Telleira, Campo Pequeno, Carracedo, Coto de Frades, Olerón e Neda, o que supón un total de 504,5 MW e un investimento de máis de 635 millóns de euros.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria segue a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica centrado na recuperación do liderado do sector, así como na creación de emprego e riqueza para a sociedade. Neste contexto, cabe sinalar que os plans industriais asociados ao concurso eólico galego están a xerar xa máis de 1.000 millóns de investimento na Comunidade e posibilitan a creación de máis de 2.000 empregos directos.

Así mesmo, o Goberno galego ten moi en conta ás administracións locais, de xeito que por medio do canon eólico se recadaron xa 137 millóns de euros destinados aos municipios. Neste contexto, o novo proxecto autorizado polo Consello da Xunta, e promovido por Fergo Galicia Vento – PEE, suporá unha fonte de financiamento importante para os concellos lucenses de Alfoz, O Valadouro e Mondoñedo, que poderán beneficiarse da recadación obtida do dito canon.

A XUNTA REGULARÁ O REXISTRO DE PRODUTORES E OPERADORES DE FITOSANITARIOS PARA MELLORAR O CONTROL SOBRE ESTES PRODUTOS

- ***A comercialización e uso de fitosanitarios son actividades reguladas tanto pola normativa comunitaria como pola estatal e deben ser tamén controlado pola Administración autonómica***
- ***Aqueles establecementos que vendan exclusivamente produtos autorizados para usos non profesionais non deberán estar inscritos neste rexistro***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o inicio de tramitación do anteproxecto de Decreto da Consellería do Medio Rural que regula a inscrición e funcionamento do Rexistro oficial de produtores e operadores de medios de defensa fitosanitaria (ROPO), co obxectivo de levar un control exhaustivo sobre a aplicación destes produtos na nosa Comunidade.

A comercialización e uso de produtos fitosanitarios son actividades reguladas, tanto pola normativa comunitaria como pola estatal, e deben ser controladas tamén pola Administración autonómica de forma que se faga un uso correcto e sustentable destes produtos. Para levar este control sobre os distintos operadores de produtos fitosanitarios é preciso crear un sistema de rexistro co que se poida ter un coñecemento das empresas que poñen no mercado estes produtos fitosanitarios como daquelas que os utilizan.

Desta forma creárase o Rexistro oficial de produtores e operadores de medios de defensa fitosanitaria (ROPO), onde deberán figurar todas aquelas empresas e comerciais que subministren produtos fitosanitarios, así como as empresas que realicen tratamentos fitosanitarios, as persoas cualificadas como asesores e os usuarios profesionais con carné básico, cualificado, fumigador ou piloto aplicador. Porén, quedarán fóra deste rexistro aqueles establecementos que vendan exclusivamente produtos autorizados para usos non profesionais.

Con este decreto, a Consellería do Medio Rural adaptará a normativa da Comunidade Autónoma á recente normativa comunitaria e nacional sobre a materia. Coa nova norma establecerase o procedemento administrativo para a inscrición, modificación e cancelación do ROPO, así como a súa estrutura e funcionamento.

Trátase dunha aposta decidida do Goberno galego pola protección da saúde dos consumidores e pola protección do medio ambiente, mediante a aplicación dunha estratexia de uso sustentable dos produtos fitosanitarios.

MAR DESTINA PRETO DE 80.000 EUROS A INVESTIGAR NOVOS MÉTODOS PARA MELLORAR A PRODUCCIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS EN CRIADEIROS INDUSTRIAIS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para estudar novas fórmulas que favorezan a fixación das larvas ao substrato e a metamorfose dos moluscos bivalvos*
- *Da cantidade total destinada a esta acción de investigación, 24.000 euros diríxense a esta colaboración coa USC e a restante, 55.000 euros, ao Centro de Investigacións Mariñas de Ribadeo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago (USC) para estudar novos métodos rutineiros, efectivos e de baixo custo que favorezan a fixación das larvas ao substrato e a metamorfose nos moluscos bivalvos, co fin de mellorar a produción destas especies en criadeiras industriais durante todo o ano.

A Xunta destinará preto de 80.000 euros a este proxecto de investigación denominado "Indución da fixación e metamorfose en ameixa fina, babosa e xaponesa", e que ten unha duración de 3 anos desde a sinatura do convenio. Da cantidade total, 24.000 euros diríxense a esta colaboración coa USC e a restante, 55.000 euros, ao Centro de Investigacións Mariñas de Ribadeo.

Para o desenvolvemento da investigación, o Centro de Investigacións Mariñas de Ribadeo (CIMA) precisa a colaboración dun equipo de investigación especializado no ámbito da reprodución, desenvolvemento larvario, fixación, metamorfose e bioloxía molecular de moluscos bivalvos, de aí que decidise subscribir o acordo co Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular e co Laboratorio de Bioloxía Molecular e do Desenvolvemento do Instituto de Acuicultura, ambos pertencentes á USC.

No marco do acordo, estudaranse diversas características físicas do medio, da especie e da propia larva que inflúen na fixación das larvas no substrato e na metamorfose, como é o efecto de ións e compostos neuroactivos, de biofilms naturais e de diferentes substratos sobre a fixación e a metamorfose de larvas de tres especies de ameixa.

Co obxectivo de asegurar o debido cumprimento do acordo crearase unha comisión de seguimento composta por dous membros da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar e un responsable da USC. Esta comisión será o mecanismo de actuación conxunta para garantir o cumprimento do convenio.

A XUNTA ACTIVA O REFORMA 16 CON 2,8 MILLÓNS PARA IMPULSAR EN 5.000 FOGARES GALEGOS A MELLORA DE BAÑOS E COCIÑAS

- *A nova edición do plan do Goberno galego apoiará as familias no acondicionamento destes espazos estimulando a demanda e o emprego entre as pequenas empresas e os autónomos do sector da construción*
- *A iniciativa, que se porá en marcha este mes en colaboración con Asemaco, xerará investimentos duns 30 millóns de euros con axudas que suporán rebaixas do 40%*
- *O custo mínimo dos produtos adquiridos ao abeiro do Reforma 16 será de 1.000 euros e as axudas públicas poderán oscilar entre un mínimo de 200 e un máximo de 1.000 euros*
- *A tramitación das solicitudes de axuda realizarase nos propios establecementos e serán resoltas pola Xunta por vía telemática en poucos días*
- *O Reforma 15 permitiu realizar obras de modernización en 3.000 fogares galegos coa participación de 380 establecementos de materiais de construción e mobilizando máis de 20 millóns de euros*

A Xunta activará este mes, en colaboración coa asociación sectorial que agrupa ás empresas de materias de construción (Asemaco), unha nova edición do programa Reforma 16 para a renovación, por parte de particulares, de todo tipo de equipamentos de cociña e baño (excepto electrodomésticos) coa que pretende chegar a máis de 5.000 fogares.

Para iso, a Xunta investirá 2,8 millóns de euros en axudas, coas que se prevé mobilizar antes de que remate este ano uns 30 millóns. O obxectivo, ademais da colaboración coas familias, é impulsar a demanda e o emprego entre as pequenas empresas e os autónomos do sector da construción.

Esta iniciativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria xerará investimentos duns 30 millóns con axudas que suporán rebaixas do 40%. En concreto, apoiarase o 20% da base imponible, co límite entre 200 e 1000 euros por persoa e domicilio particular. A entidade colaboradora realizará un desconto equivalente ao da Administración autonómica, polo que a rebaixa global achégase ao 40%. O custo mínimo dos produtos adquiridos terá que ser de 1.000 euros.

O beneficiario terá que solicitar a axuda no mesmo establecemento e este, como entidade colaboradora, será o encargado de tramitala por vía telemática para que sexa máis áxil.

O obxectivo desta actuación do Goberno galego é axudar as familias galegas, ao tempo que incrementa e incentiva a demanda nos sectores industriais e comerciais máis afectados polo descenso da actividade de construción. O que se pretende é que

as entidades colaboradoras incrementen a súa facturación, o cal contribuirá ao mantemento ou á creación de emprego.

Este programa de axudas e incentivos reafirma o impulso positivo conseguido co Reforma 15, que permitiu realizar obras de modernización en 3.000 fogares galegos coa participación de 380 establecementos de materiais de construción e mobilizando máis de 20 millóns de euros. Deste xeito, en global coas dúas iniciativas estímase que o Goberno galego poderá axudar a 8.000 fogares galegos.

A XUNTA APOIA CON 5,6 MILLÓNS A CONTRATACIÓN DE 271 ORIENTADORES PARA MELLORAR AS OPORTUNIDADES LABORAIS DOS DESEMPREGADOS

- *A Xunta financiará a través deste programa de axudas, que este ano aumenta nun 21% o seu orzamento, 111 entidades entre concellos, asociacións sen ánimo de lucro e organizacións sindicais*
- *Galicia conta cunha rede de profesionais neste ámbito que aglutina a preto de 500 traballadores especializados en accións para incrementar a empregabilidade das persoas sen emprego, prestando especial atención aos colectivos con especiais dificultades de inserción*
- *As persoas que buscan un traballo reciben a través deste servizo, entre outras actuacións, información sobre o mercado, sobre formación profesional e obteñen un itinerario personalizado para a súa inserción laboral*
- *Esta actuación enmárcase na Axenda 20 para o Emprego que inclúe entre os seus retos principais un novo modelo de orientación aberta achegando o servizo ás persoas demandantes de emprego e empresas*

A Xunta está a investir este ano 5,6 millóns de euros para apoiar a contratación de 271 orientadores que mellorarán as oportunidades laborais das persoas sen emprego de Galicia. Este programa de axudas aumenta este ano o seu orzamento nun 21%, o que permitiu financiar 111 entidades entre concellos, asociacións sen ánimo de lucro e organizacións sindicais.

Estes colectivos poden contratar 38 orientadores máis con respecto a 2015 e recibirán por cada profesional que contraten 23.000 euros de axuda, un 15% máis que o exercicio anterior.

Este persoal súmase ao que xa traballa nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), polo que Galicia conta cunha rede que aglutina preto de 500 traballadores. O obxectivo da Xunta é incrementar a empregabilidade das persoas sen traballo, con especial atención aos colectivos con especiais dificultades de inserción.

Os orientadores facilitanlles, entre outras cuestións, información actualizada sobre o mercado de traballo, sobre accións de formación profesional para o emprego e o proceso de recoñecemento da experiencia laboral con que poden mellorar a súa cualificación. Así mesmo, elaboran diagnoses individualizadas sobre o perfil e necesidades dos desempregados, que obteñen un itinerario personalizado de emprego para a súa posterior inserción laboral.

O servizo tamén está enfocado ás empresas, xa que os traballadores desta rede especializada na orientación contactan coas firmas para difundir as súas iniciativas e

realizar unha prospección das súas necesidades, ao tempo que as informan sobre os diferentes incentivos con que conta a Administración autonómica para a contratación, como é o Programa Aprol da Xunta.

Esta iniciativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria enmárcase na Axenda 20, coa que se está a impulsar a calidade e estabilidade no mercado laboral ata 2020. Esta planificación inclúe entre os seus retos principais a orientación aberta achegando os servizos ás persoas demandantes e empresas. Preténdese poñer en marcha, entre outras medidas, un novo modelo de orientación aberta, achegando o servizo aos usuarios e combinando accións presenciais e en liña e potenciar a atención a empresas tanto desde as oficinas de emprego como nas de apoio á empresa, orientándoas a servizos, pemes e emprendedoras.

Así mesmo, a Xunta quere afondar na formación continua do persoal técnico propio do Servizo Público de Emprego de Galicia, así como no dos centros colaboradores e demais persoal de apoio ao emprego e o emprendemento, desenvolvendo un currículo específico e especializado en relación cos servizos que se prestan.

A XUNTA DE GALICIA COLABORARÁ COA *FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO* NO PROGRAMA ACCEDER PARA A MELLORA DA INCORPORACIÓN AO MERCADO LABORAL DESTE GRUPO DE POBOACIÓN

- *A Consellería de Política Social destinará este ano 64.000 euros ao desenvolvemento deste recurso para o emprego de persoas novas en situación de exclusión social, con relevancia daquelas con idades comprendidas entre os 16 e os 25 anos*
- *A Administración autonómica leva colaborando nesta iniciativa desde a súa implantación na Comunidade Autónoma en 2001. Nestes 15 anos de traxectoria, o programa atendeu unha media de 900 persoas anuais; máis de 1.500 participantes se formaron no marco dos seus itinerarios e 933 persoas acadaron a súa inserción laboral*

A Consellería de Política Social asinará este ano un novo convenio de colaboración coa Fundación Secretariado Gitano por unha contía total de 64.000 euros para promover o acceso ao emprego deste colectivo no marco do programa Acceder, tal e como recolle o informe presentado hoxe polo departamento autonómico no Consello da Xunta de Galicia. A Xunta apoia a iniciativa desde a súa implantación na nosa Comunidade hai 15 anos, e faino no marco de desenvolvemento dos sucesivos plans de inclusión Social (2001-2006 e 2007-2013) e da actual Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020.

Así, dende a súa orixe no ano 2001 e ata o exercicio pasado, o programa Acceder atendeu unha media de 900 persoas anuais. Así mesmo, máis de 1.500 participantes se formaron no marco dos seus itinerarios e 933 persoas acadaron a súa inserción laboral. Nestes quince anos de traxectoria deste recurso para o emprego, a Administración autonómica achegaron para o seu financiamento un importe acumulado dun total de 962.240,36 euros.

Nesta liña, o novo acordo de colaboración que subscribirán a Consellería de Política Social e a Fundación Secretariado Gitano terá entre os seus obxectivos xerais o de promover o acceso ao emprego das persoas novas desempregadas e en situación de exclusión social, dando prioridade a aquelas con idades comprendidas entre os 16 e os 25 anos. Ademais, preténdese fomentar os servizos de proximidade aos empregados e as ocupacións vinculadas a actividades que poidan repercutir na mellora das condicións de vida da poboación participante; capacitar as persoas destinatarias nunha profesión ou oficio; e aumentar a empregabilidade das persoas a través do adestramento en habilidades e técnicas de busca de emprego.

Para conseguir estes obxectivos, o programa prevé o deseño e desenvolvemento de itinerarios personalizados de inserción laboral. Trátase de proxectos individuais que se

adaptan a cada participante e á súa contorna; e neles trabállase de xeito especial a motivación para a realización de accións formativas. Tamén se levarán a cabo accións dirixidas á mellora da cualificación para aumentar as posibilidades dos beneficiarios de acceder a un emprego en igualdade; e realizarase un traballo de intermediación con empresas para xestionar as ofertas e demandas e procurar o axuste entre elas.

Colaboración empresarial

O programa de emprego Acceder conta coa colaboración de numerosas empresas. Soamente no ano 2015 participaron 155 empresas, moitas delas do sector servizos. Aínda que centrada no ámbito do emprego, esta iniciativa desenvólvese cunha perspectiva integral, polo que o traballo en rede con administracións e outros axentes sociais das áreas territoriais onde intervéñ é importante.

Ao respecto, a implicación da Xunta de Galicia neste programa responde aos obxectivos fixados na Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, posto que se fundamenta en valores como a promoción da igualdade de oportunidades, neste caso no acceso ao emprego da poboación xitana. Ademais, fomenta a estabilidade dos recursos para a inclusión social.

A Fundación Secretariado Gitano é unha entidade de iniciativa social que traballa polo desenvolvemento integral da comunidade xitana en España e no resto de Europa, especialmente nos países do leste. Desde o ano 2001 desenvolve en Galicia o programa Acceder, enmarcado nos programas operativos plurirrexionais de loita contra a discriminación financiados co Fondo Social Europeo, e dirixido á mellora da empregabilidade e do acceso ao mercado laboral deste colectivo. Para iso, os equipos técnicos da devandita fundación levan a cabo coas persoas participantes proxectos personalizados de inserción, que complementan con acompañamento e intervención coas familias e con accións de intermediación laboral, coa finalidade de detectar posibilidades de emprego e establecer alianzas con empresas.